

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal
Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do
25/01/1955

Colección:

Data: 25/01/1955

De:

Virxinia Pereira Renda;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade

Temáticas:

Epistolario entre Paz Andrade e Virxinia Pereira;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 25/01/1955

Bos Aires, 25-01-1955

Sr. Don Valentín Paz-Andrade

Moi estimado amigo:

Non se decata do moito que lle agradecín a súa garimosa lembranza estando a voar sobor do Atlántico-o mar ancho, xa vedad pra min- alegrándome que despois do seu magnífico viaxe tivera un retorno feliz á Terra.

Non sin certo sentimento, debo decirlle que aínda non tiven a tan esperada oportunidade de poderme deleitar co seu poema adicado ao noso querido ausente no seu 50 aniversario, porque según noticias que teño, queren vir a entregarme persoalmente un exemplar encuadernado, etc..., razón pol-a cual ando un pouco atrasada... De calisquera modo, e non descoñecendo xa os xuicios autorizados e comentarios de loubanza sobor do meu admirable traballo, eu adiántolle a miña emocionada e sincera felicitación, segura de que me sentirei gratamente conmovida ante a súa sempre fermosa e suxestiva forma de expresión. Alá se foron xa cinco anos de silencio, que representan pra min cinco anos de loita interior, calada e sombría, esperando...esperando...

Y agora, que se me presenta ista oportunidade de lle escribir, vou a pedirlle un favor importante pra min, segura de que vostede vai a resolvelo prontiño e favorablemente. Está por sair eiquí, unha pequena "pichincha" na que estou interesada sempre que para elo conte coa cantidade precisa e que tal vez quedaría redonda si vostede poidera conseguir, e mandarme, íses cartos que vostede sabe onde están. Sentiríame, íntima, e moralmente satisfeita, si n-esta "grande aventura" poidera valerme con forzas propias sin pesar de novo na "economía" dos sempre tan xenerosos amigos. Confío pois, en que de ista vez, vai a contestarme o mais axiña posible, enviándolle anticipadas gracias, por iso, e por todo o demais.

Para Pilara e Alfonsiño, vai meu agarimo e unha paerta, extensiva a vostede coa miña fonda estimación.

Sempre Virxinia P. de Castelao

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.